

UN DEDO MANCHADO DE TINTA

Manuel Portas


XERAIS NARRATIVA (1331304)

368 páxinas, NOVELA + CD

ISBN: 978-84-9914-253-1

P.V.P: 18,50 €

NOVIDADES MAIO 2011



« UN DEDO MANCHADO DE TINTA » A SEGUNDA ENTREGA NARRATIVA DE MANUEL PORTAS

SEIS VIDAS QUE TRANSITAN POLAS RÚAS DA COMPOSTELA DE HOXE SEN COÑECÉRENSE CASE.

SEIS CANCIÓNS QUE CONSTITÚEN A Banda Sonora desta primeira

NOVELA MUSICADA DA LITERATURA GALEGA.

Un dedo manchado de tinta non é unha novela, afirma categórico Gonzalo Salgueiro, ou polo menos non é unha novela ao uso, aclara el mesmo despois. E vai ser que si, que ten razón. Que isto non é unha novela e que el tampouco é un escritor que responda aos canons establecidos, nin Alberte vai ser un funcionario municipal arquetípico, nin Malulú un vendedor ambulante calquera, nin Carme, nin Cristina, nin Chus serán mulleres con historias do común. Mais a pesar da súa excepcionalidade, velaquí os temos, perfectamente verosímiles, pululando anónimos polas páxinas deste artefacto narrativo coa mesma naturalidade coa que transitan polas rúas de Compostela, coincidindo á espera de que se abra o semáforo da Senra, tomando café no Airas Nunes, sen rozárense, sen se coñeceren case, como moito intercambiando unha distraída ollada impersoal. Gonzalo certamente ten razón. Mais non toda.

Manuel Portas (Barcelona, 1960) é profesor de lingua e literatura galegas no ensino secundario en Compostela. Para alén da súa colaboración en obras de carácter didáctico e publicacións de tipo pedagóxico, é coñecido polo seu labor no campo da análise sociolingüística, onde salienta *Língua e sociedade na Galiza* (1990), obra de referencia obrigada na sociolingüística galega. Colaborador habitual da prensa compostelá, a súa dedicación á res pública levouno a participar en política e formar parte do goberno municipal de Santiago ao longo de dous mandatos. En 2010 publicou a súa primeira novela, *Denso recendo a salgado* (Xerais) e en 2011 publica a segunda, *Un dedo manchado de tinta* (Xerais).